

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000054.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones hoxe **martes, día 30 de decembro de 2025, ás 9.30 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

FOMENTO

2. CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS CON MOTIVO DA “CELEBRACIÓN DO 25º ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN COMO PATRIMONIO MUNDIAL POLA UNESCO DA MURALLA ROMANA DE LUGO” NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2025.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á secretaria xeral do pleno, por suplencia do vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.